



## ANEXO II- MEMORIA DESCRIPTIVA

<b>CENTRO:</b> I.E.S. FREI MARTÍN SARMIENTO	<b>CIF:</b> Q 8655321A
---	------------------------

<b>NOME PROXECTO/ACTIVIDADE:</b>
ELAS PINTAN NA ARTE

<p><b>TRAXECTORIA DO CENTRO (Historia, entorno social, número de grupos e alumnado, persoal, plans e proxectos significativos levados a cabo nos últimos anos).</b> Máximo 3000 caracteres.</p> <p>A historia do I.E.S. Frei Martín Sarmiento remóntase ao ano 1932, co nacemento da “Escola Elemental do Traballo”. Nela impartíanse ensinos profesionais de Electricidade, Madeira e Metal.</p> <p>No ano 1955 convértese en “Escola de Mestría Industrial”.</p> <p>No ano 1969 constitúese a A.P.A. do Centro.</p> <p>Coa entrada en vigor da Lei Xeral de Educación, o Centro adquire a denominación de “Instituto Politécnico de Formación Profesional” no ano 1974, adaptándose ao novo plan de estudos da Formación Profesional.</p> <p>Coa entrada en vigor da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE) pasa a ser Instituto de Educación Secundaria, co nome de I.E.S. “Frei Martín Sarmiento”, desde o ano 1998.</p> <p>O I.E.S. ten un alumnado cun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo, en xeral.</p> <p>Conta con:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ tres liñas no 1º e 2º Ciclo da E.S.O. con alumnos/as procedentes maioritariamente dos centros adscritos: C.E.I.P. Marcón e C.E.I.P Villaverde;</li><li>➤ tres Bacharelatos: Artes (musical), Humanidades e Ciencias Sociais, e Científico o que fai que a procedencia do alumnado nesta etapa educativa sexa máis diversa (sobre todo no Bacharelato de Artes ao ser un dos dous centros do concello que ofrece este bacharelato);</li><li>➤ unha ampla oferta de Ciclos Formativos Medios e Superiores das familias Sanitaria, Imaxe Persoal, Mecanizado e Electricidade;</li><li>➤ Formación Profesional Básica: Fabricación e Montaxe;</li><li>➤ Educación de Adultos: tanto a Educación Secundaria, como o Bacharelato de Adultos Científico.</li></ul> <p>Esta ampla oferta fai que o total de alumnado superase no curso 2017-2018 as 1.200 persoas, sendo por elo o maior I.E.S. do concello de Pontevedra.</p> <p>O I.E.S. FREI MARTÍN SARMIENTO caracterízase polos numerosos proxectos levados a cabo durante moitos anos;</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>Proxectas.</b> O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos. Estes son algúns dos “ Proxectas” nos que participou o IES Frei Martín Sarmiento: *Rapazas emprendedoras nas TIC, *MeteoEscolas, *Quérote+, *Correspondentes xuvenís 3.0 e *Mobilidade sostible esegura, * TIConsumes e * O Tempo desde o Sarmiento.Home /*Donas de sí/ Comunicación e Proxectos / Proxectas.</li><li>- <b>Erasmus +</b> para os CM das diferentes Familias Profesionais. Erasmus+ é o programa único que trata</li></ul>
--



de impulsar as perspectivas laborais e o desenvolvemento persoal, ademais de axudar aos nosos sistemas de educación, formación e xuventude a proporcionar unha ensinanza e un aprendizaxe que doten ás persoas das capacidades necesarias para o mercado laboral e a sociedade actual e futura. A nosa experiencia é moi positiva, o alumnado aproveita moito esta oportunidade ven cunha mochila chea de experiencias un nivel mínimo de B1 de italiano, e as portas abertas a traballar en Italia.

- **Intercambio realizado entre o [IES Frei Martín Sarmiento](#) e o Upper Dublin High School**, situado en Fort Washington, Pensilvania nos Estados Unidos de América, promovido polo Departamento de Ingles. No mes de outubro 26 alumnos de bacharelato conviviron coas familias americanas e durante dúas semanas asistiron a clase. Tamén tiveron a oportunidade de visitar tres cidades emblemáticas de EEUU: Filadelfia, Washington DC e Nova York. Do 11 ao 21 de febreiro recibimos ao grupo americano en Pontevedra. Durante a súa estancia coñeceron a nosa cidade en plena celebración do entroido e outros lugares de interese como Santiago, Baiona, Santa Tecla, Valença, as Illas Cíes, a Costa da Morte, Disfrutaron da nosa gastronomía e compartiron a vida familiar e escolar cos nosos alumnos.

- **Intercambio** dende fai varios anos da **Familia de Electricidade coa Escola Profesional, Amar terra Verde**, en Braga, Portugal.

E os premios recibidos durante anos;

- **Destacar os Premios Skill de Perruquería**, Galiciaskills é o campionato galego da formación profesional que se celebra cada dous anos e consiste no desenvolvemento dunha serie de competicións relacionadas coas distintas especialidades da formación profesional, nas que os participantes han demostrar a súa competencia profesional e medir as súas destrezas con alumnado de distintos centros de Galicia na realización das correspondentes probas. Todos anos quedamos nos primeiros postos o que nos enche de orgullo.

- Diversos premios literarios e ortográficos.

#### XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS. Máximo 2000 caracteres.

O principio de educación na igualdade de xénero, a coeducación e unha formación profesional libre de estereotipos forman parte do proxecto educativo do noso centro. Por elo, neste último curso académico o Departamento de Xeografía e Historia participou no Plan Proxecta da Xunta "Donas de Si" .

O obxectivo principal do proxecto foi dar a coñecer á comunidade educativa os traballos das mulleres artistas que permanecen no esquecemento centrándonos, sobre todo, nas achegas das artistas galegas. Á vez que o alumnado estudaba o temario das materias de Fundamentos da Arte I, II e Patrimonio, dábase visibilidade ás achegas destas mulleres intentando conseguir que se converta a súa divulgación nun acto de xustiza histórica e artística á vez que se dote ás novas xeracións de referentes femininos na Historia da Arte.

Na aula facíamos as seguintes preguntas: non houbo grandes mulleres artistas? Por que non aparecen nos libros de texto, nin nas programacións didácticas? Cantas exposicións monográficas de mulleres artistas realizan os grandes museos do mundo? Cantas obras de mulleres artistas forman parte das grandes pinacotecas? Cantas artistas teñen museos monográficos?

Chegamos á conclusión de que existe unha visión patriarcal da arte e puxémonos como meta ir diminuíndoa, realizando na aula un estudo máis polo miúdo das achegas das mulleres á Historia da Arte. Así, durante o curso 2017/18 o alumnado de Fundamentos da Arte I e II e de Patrimonio e o profesorado pertencente ao Departamento de Xeografía e Historia (coa colaboración do profesorado doutros Departamentos), desenvolvemos unha investigación sobre os problemas que tiveron e aínda teñen que



afrontar as mulleres para destacar no seu ámbito cultural.

O alumnado tivo que facer nas súas casas indagacións da historia pasada das súas familias, aportaron información moi valiosa para os debates que se trasladaron as aulas.

#### ACCÍONS, PROCEDEMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA. Máximo 3000 caracteres.

Ao longo do curso pasado o alumnado foi recompilando información sobre as mulleres pertencentes a cada un dos estilos artísticos que se ían estudando na aula, recoñecendo as súas achegas á innovación artística e situándoas no seu contexto histórico para comprender as dificultades polas que tiveron que pasar para acceder á formación académica, desenvolver a súa actividade e incluso ser recoñecidas polos seus propios compañeiros artistas.

Coa información obtida, o alumnado realizou cada trimestre dous traballos que foron expostos na aula e servían para dar a coñecer aos seus compañeiros/as as artistas silenciadas e a súa obra.

A dita información, despois de ser analizada e supervisada polo profesorado, íase colgando nun blogue titulado "Elas pintan na arte" ([elaspintannaarte.blogspot.com/](http://elaspintannaarte.blogspot.com/)). O encabezamento do dito blogue foi deseñado por unha das alumnas do centro (Iria Aboal, membro do CMN) que reuniu moitas das imaxes empregadas.

Para axudar a analizar os avances e as dificultades actuais das artistas contactamos con mulleres relacionadas co mundo da arte (xerentes de galerías, profesoras da Facultade de Belas Arte, artistas...) para que ofreceran o seu testemuño á comunidade educativa sobre a loita pola igualdade no mundo laboral. Así, o 6 de marzo de 2018 organizamos no I.E.S. unha exposición coa presenza da artista Lita Cabellut, exemplo claro de superación persoal. E ao día seguinte celebramos unha conferencia liderada pola artista e profesora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Mar Caldas, sobre "A visibilidade das artistas galegas nos museos e exposicións"

Cómpre sinalar que o blogue aínda se encontra en proceso de elaboración pois é un proxecto que non só abarca este curso académico senón que terá continuidade no seguinte, poñéndose de manifesto que as mulleres artistas non foron nin son unha excepción.

#### METODOLOXÍA EMPREGADA. Máximo 2000 caracteres.

Trátase dun proxecto aberto co obxectivo de dar visibilidade e revalorizar a importancia das artistas na nosa historia. Pretendemos que sexa enriquecedor para o alumnado desenvolvéndoo en varios cursos académicos seguidos.

Os traballos de investigación realizados polo alumnado realizáronse en soporte dixital, na aula de informática, dedicando á investigación unha hora á semana da materia de Fundamentos da Arte II. O alumnado doutros niveis facía a mesma investigación na súa casa e preparaba unha exposición ao trimestre para expoñer na aula, como unha forma de divulgar a actividade creativa destas mulleres ao alumnado e posteriormente darlle unha maior difusión a través do blogue.

Entendemos que esta actividade amplía o coñecemento da arte dun xeito igualitario.

Os traballos expuxéronse na aula e despois da supervisión pola profesora coordinadora do Proxecto, Ana M<sup>re</sup> Dios, subíanse ao blogue "Elas pintan na Arte", citando a súa autoría.

Ademais os traballos foron avaliados polo profesorado, supoñendo un 20% da nota trimestral. Para realizar a avaliación tivéronse en conta os seguintes criterios:



- A expresión gramatical e a corrección ortográfica.
- O dominio do vocabulario artístico.
- O contido: completo, resumido e argumentado, correctamente exposto e non copiado.
- A calidade da presentación
- O emprego de medios fiables e de calidade: imaxes, presentacións, vídeos, etc.
- A bibliografía: todas as fontes, páxinas web, etc. perfectamente citadas.
- O cumprimento das pautas e dos prazos.

Outro dos métodos de traballo foi a difusión das actividades de diversas mulleres e o seu contexto histórico a través do visionado de filmes nos que as protagonistas eran artistas. En cada un dos trimestres en que se divide o curso proxectouse un filme e posteriormente analizábase na aula e poñíanse en común os distintos puntos de vista do alumnado.

Por outra banda, pretendeuse levar a cabo unha conexión do mundo educativo de secundaria co mundo laboral e universitario, buscando a colaboración a través de charlas e exposicións.

Enlaces consultados polo alumnado nas súas investigacións sobre mulleres artistas:

[http://en.wikipedia.org/wiki/Category:Women\\_artists](http://en.wikipedia.org/wiki/Category:Women_artists)

[http://es.wikipedia.org/wiki/Museo\\_Nacional\\_de\\_Mujeres\\_Artistas](http://es.wikipedia.org/wiki/Museo_Nacional_de_Mujeres_Artistas)

<http://galeriademujeresartistasindice.blogspot.com>

<http://www.wendy.com/women/artists.html>

<http://www.mujeresenlahistoria.com>

<https://www.slideshare.net/Frangon43/las-mujeres-en-el-arte-contemporaneo>

<http://mujerespintoras.blogspot.com>

<http://mujerespintoras.blogspot.com/2013/01/lista-de-pintoras-en-orden-cronologico.html>

<https://www.afundacion.org/es/coleccion/autor>

[https://www2.uned.es/biblioteca/mujer\\_arte/introduccion.html](https://www2.uned.es/biblioteca/mujer_arte/introduccion.html)

<http://culturagalega.gal/album>

<http://anosacultura2.blogspot.com/2011/03/as-mulleres-artistas-en-galicia.html>

[www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/mulleres-artistas-rescatadas-do-esquecemento](http://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/mulleres-artistas-rescatadas-do-esquecemento)

<https://www.vigoe.es/cultura/exposiciones/item/13399-mulleres-do-silencio-las-artistas-gallegas-de-todo-un-siglo>

<http://www.marcovigo.com/es/content/mujeres-del-silencio-de-maruja-mallo-angela-de-la-cruz>

#### TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN. Máximo 2000 caracteres.

Desde o inicio do curso asígnase unha hora do horario da materia de Fundamentos da Arte II, na aula de informática, coa finalidade de facilitar a recompilación de datos e o visionado das películas.

O motivo de asignalo só para o alumnado de Fundamentos da Arte II é que na súa programación hai unha maior representación de mulleres artistas polos períodos artísticos analizados. Nas outras materias asígnoselles traballos trimestrais sobre mulleres artistas que eran expostos na aula e posteriormente, se tiñan calidade suficiente, colgaríase no blogue.

Ademais, durante o curso levouse a cabo un **ciclo de cine denominado "As mulleres na arte"**, co obxectivo de que o alumnado coñecera a actividade dunha artista en concreto, o seu contexto e dificultades coas que se atopou para desenvolver a súa actividade. Dous días ao trimestre realizábase o visionado dunha película na aula de informática. Este curso só deu tempo a poñer tres películas:

- LA PASIÓN DE CAMILLE CLAUDEL, o 6 e 13 de novembro de 2017
- BERTHE MORISOT, versión en francés, o 4 e 11 de decembro de 2017
- PAULA, o 19 e 26 de marzo de 2018



A partir de xaneiro o alumnado de Fundamentos da Arte II e Patrimonio iniciou unha investigación sobre artistas galegas do século XX. A cada alumno/a adxudicóuselle unha artista para preparar os carteis que formarían parte da exposición do 8 de marzo de 2018, día da muller. A exposición estruturouse en catro bloques:

**1.Primeira metade do século XX;** Elvira Santiso, Carmen Corredoyra, Maruja Mallo, Lolita Díaz Baliño, Julia Minguillón.

**2.Exilio/Franquismo;** María Antonia Dans, María Victoria De La Fuente, Mercedes Ruibal, Elena Colmeiro, Beatriz Rey, M.ª Elena Fernández Gago, Soledad Penalta, Dolores Padín Fernández.

**3.A Democracia;** María Xosé Díaz, Chelo Rodríguez, Menchu Lamas, Ana Mazoy, Rosa Elvira Caamaño Fernández, María Xosé Díaz, Ehlabá Carballo, Berta Cáccamo, **Pamen** Pereira, Isabel Taboada, Ángela De La Cruz, Pilar Álvarez Pablos, Sabela Arias Castro, Mar Caldas.

**4.Artistas formadas na Facultade de Belas Artes de Pontevedra;** Almudena Fernández Fariña, Tatiana Meda, Celeste Garrido, Ana Fervenza Cortegoso, Vanesa Lodeiro, Tamara Feijoo, Holga Méndez, Carmen Nogueira.

Nesa semana, o alumnado do bacharelato de artes realizou as seguintes actividades:

- ✓ O 5 de marzo de 2018 iniciáronse os traballos de montaxe da **exposición “Elas pintan na Arte”**. O alumnado de 2º de Bacharelato de Artes quixo facer patente a achega das artistas galegas do século XX ao mundo das artes. Paralelo á exposición **montouse un vídeo** subido a Youtube: [https://youtu.be/skGwm8kS\\_M4](https://youtu.be/skGwm8kS_M4)
- ✓ O 6 de marzo de 2018 o alumnado fixo unha saída ao Museo de Arte Contemporánea da Coruña (MAC) para visitar a exposición da artista española, afincada en Holanda, Lita Cabellut.
- ✓ O 7 de marzo de 2018 desenvolveuse no I.E.S. unha **charla sobre “A visibilidade das artistas galegas nos museos e exposicións”** por parte da artista e profesora da Facultade de Belas Artes, Mar Rodríguez Caldas.
- ✓ Ao longo de toda a semana numerosos grupos de alumnos/as do centro visitaron a exposición e realizaron diversas actividades relacionadas con ela. Para facilitar o achegamento á exposición confeccionouse unha unidade didáctica específica.
- ✓ Tamén a Concelleira de Igualdade do Concello de Pontevedra, Carmen Fouces, visitou a nosa exposición, acompañada das e dos compoñentes do Consello da Muller Nova do noso I.E.S.

Relacionado co Plan Proxecta levouse a cabo no vestíbulo do IES Frei Martín Sarmiento durante o mes de abril e maio a **exposición, premios María Josefa Wonenburger**.

Inclúense fotos de todas estas actividades na páxina web do noso centro.

#### **IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS.**

Máximo 2000 caracteres.

Toda a comunidade educativa facilitou o desenvolvemento do Proxecto, coa colaboración dos diversos departamentos, e do equipo directivo que, en todo momento, proporcionou os medios para levar a cabo as accións.

O Departamento de Orientación facilitou a colaboración da Facultade de Belas Artes, poñendo en contacto ao profesorado da dita Facultade co profesorado do Departamento de Xeografía e Historia, en concreto coa coordinadora do proxecto, Ana Mª Dios Abilleira.

O equipo directivo facilitou os medios necesarios para poder realizar o ciclo de cine: “AS MULLERES NAS ARTES”.



FRIDA KAHLO (2002) Dirección: Julie Taymor

SERAPHINE (2008) Dirección: [Martin Provost](#)

ARTEMISIA (1997) Dirección: Agnès Merlet

LA PASIÓN DE CAMILLE CLAUDEL(1988) Dirección: Bruno Nuytten

PAULA, (2016)Dirección: [Christian Schwochow](#)

BIG EYES (2014) Dirección: Tim Burton

BERTHE MORISOT(2012)Dirección: Caroline Champetier

MAUDIE, EL COLOR DE LA VIDA (2016)Dirección: [Aisling Walsh](#)

O equipo directivo tamén facilitou a montaxe da exposición na entrada do I.E.S. co motivo do 8 de marzo “ ELAS PINTAN NA ARTE” e as saídas a exposicións que grazas ás achegas da ANPA XOCAS puidéronse facer máis accesibles a todo o alumnado.

Grazas a esta actividade, á preparación da exposición do día da muller e ás actividades relacionadas co proxecto, o alumnado e os docentes fomos máis conscientes da necesidade de dotar á xeración actual de referentes femininos no mundo da cultura.

Valoramos como moi positiva a introdución das artistas nas programacións das materias de Historia da Arte, Fundamentos da Arte I, II e Patrimonio.

Dende fai sete anos levamos formando o noso alumnado para ter ferramentas nas situacións de conflito, e creamos un Equipo de Mediación.

No presente curso ( 2017/18) constituímos o **Equipo do Consello da Muller Nova** co alumnado doEquipo de Mediación: Iria Aboal, Mencía Riesco, Carmen Caeiro, Santiago Boiero, Nuria Rodríguez e as profesoras Ana M<sup>a</sup> Dios e M<sup>a</sup> Elvira Dolores Pérez.

No plan de actividades intentamos medir no noso centro como se sinte o alumnado no tema da integración da perspectiva de xénero e do principio de igualdade.

Para o cal plantexámonos as seguintes intervencións:

**1º Facer unhas entrevistas dirixidas as alumnas que están a cursar FP en ciclos maioritariamente masculinos ( Mecanizado e Electricidade).**

Gravamos as entrevistas forman parte da memoria de actividades do CMN.

E Chegamos a unhas conclusións para estes 3 casos:

1. As alumnas son ven aceptadas.
2. Os profesores están pendentes de que se sintan cómodas nos distintos contextos
3. As prespectivas de futuro laboral son boas, e incluso mellores.
4. Non son excluídas en ningunha actividade.
5. Nas empresas que fan as prácticas son moi ben valoradas.

**2º Elaboración dunha enquisa para medir a situación de xénero nos distintos niveis educativos.** Temos recollidos os datos e Posteriormente para o próximo curso toca realizar a táboa de conclusións para obter una auditoría sobre a situación do noso alumnado con respecto a Igualdade.

3º Neste curso durante o segundo trimestre recibimos a visita da Concelleira de Igualdade, *Carmen Fouces* e xuntouse co Consello da Muller Nova do Instituto Frei Martín Sarmiento, intercambiando impresións do traballo realizado ata ese momento.



**INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA (Visibilidade do proxecto, repercusión nos medios de comunicación, redes sociais...).** Máximo 2000 caracteres.

O Proxecto faise visible na internet a través de diversos medios:

- do blogue “Elas pintan na arte”, [elaspintannaarte.blogspot.com/](http://elaspintannaarte.blogspot.com/),
- do vídeo subido a Youtube: [https://youtu.be/skGwm8kS\\_M4](https://youtu.be/skGwm8kS_M4). O vídeo foi proxectado en reiteradas ocasións na entrada do I.E.S. entre os meses de marzo e xullo de 2018.
- a través da web do I.E.S., colgando as fotos das diversas actividades realizadas en relación co proxecto e do CMN.

**VALORACIÓN DE LOGROS ACADADOS.** Máximo 2000 caracteres.

Coa realización desta actividade púxose en coñecemento da comunidade educativa a actividade e a relevancia de moitas mulleres no mundo da arte, sobre todo galegas, coa exposición do 8 de marzo.

Ao longo deste curso o alumnado coñeceu a obra destas artistas e recoñeceu as dificultades que tiveron moitas delas para realizar a súa actividade e ser recoñecidas e valoradas polos seus compañeiros artistas.

Preténdese reivindicar a importancia que tivo a súa actividade na historia da arte coa realización do blogue e danse pasos para que no futuro aparezan nos libros de texto e nas programacións didácticas, pois na actualidade o que reflicten ao alumnado é que a Historia da Arte só estivo protagonizada por homes.

O alumnado valora moi positivamente á actividade realizada polo CMN durante este curso e todos os niveis educativos participaron nel.

**PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.** Máximo 2000 caracteres.

Ao longo do seguinte curso seguirase desenvolvendo este proxecto co alumnado do noso centro, ampliando o blogue con novos traballos e actividades, continuando co labor de divulgar a importancia do papel da muller no mundo da arte e desta maneira revalorizala.

Seguirase levando a cabo o ciclo de cine coa adquisición de novos filmes de mulleres artistas e tamén pretendese acudir a exposicións de mulleres artistas e concertar novas conferencias.

Tamén seguiremos realizando os traballos iniciados no CMN neste curso e os ampliaremos con novas actividades .

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE PRESENTA, se a houber**

O vídeo subido a Youtube: [https://youtu.be/skGwm8kS\\_M4](https://youtu.be/skGwm8kS_M4)

O Blogue [elaspintannaarte](http://elaspintannaarte)



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA

A unidade didáctica realizada para a exposición do 8 de marzo.

Resumo gráfico do Proxecto

A entrevista dos membros do CMN ás alumnas que están a cursar FP en ciclos maioritariamente masculinos ( Mecanizado e Electricidade).

A enquisa do CMN para medir a situación de xénero nos distintos niveis educativos.

PONTEVEDRA, 20 de AGOSTO de 2018

SINATURA

CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE E XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIAS